

Un encontro analizará en Lugo os usos que se dan a amuletos e reliquias

► A séptima Xornada de Literatura de Tradición Oral estudará a función que se lle encomenda como obxectos sanadores ou favorecedores da sorte. Será o 25 de outubro na Deputación

JAUREGUIZAR

sjareguizar@elpreso.es

LUGO. A séptima Xornada de Literatura de Tradición Oral analizará os usos e as crenzas que motivan o recurso a amuletos e as reliquias o día 25 de outubro na sede da Deputación Provincial de Lugo.

Mario Outeiro, responsable da Área de Cultura provincial, que colabora no evento, explicou que na xornada vaise falar «das cousas boas que fan de intercesores entre os humanos e as potencias —sexan deuses ou demos— do sobrenatural».

A xornada está dividida nunha sesión de mañá dedicada ás reliquias e outra de tarde, na que se falará sobre os amuletos.

Antonio Reigosa, promotor da xornada xunto con Isidro Novo, comentou que a investigadora galega sobre as funcións e usos das «santas medicinas» no norte de Portugal María Rosa dos Santos Capelao dará a primeira intervención ás 11.30 da mañá analizando o grao de racionalidade que ten o culto ás reliquias.

O sacerdote Alfonso Blanco Torrado comentará unha hora máis tarde «a súa ampla experiencia nos usos, tanto de amuletos como de reliquias, como crego rural», indicou Reigosa.

Ambos os expertos pecharán a mañá nun debate moderado por Antonio Reigosa.

CREENZAS. A sesión de tarde comezará ás 16.00 horas con Eusebio Rey, un historiador especialista en amuletos da época romana en Galicia. A súa charla ten un título que cadría coa da xornada: 'Amuletos e reliquias: usos e crenzas',



Antonio Reigosa, Mario Outeiro e Isidro Novo, ante na presentación. PEPE TEJERO

se ben a súa reflexión vai dirixirse concretamente á antiguidade.

O escritor e posuidor dunha colección de máis de trescentos amuletos Carlos Solla falará tamén sobre eses talismáns e asemade sobre as pedras da fortuna como obxectos de poder na Galicia tradicional.

Un debate sobre «o enímático poder dos amuletos», que se sitúa

entre a maxia e a razón, vai reunir a ambos nunha mesa redonda moderada por Isidro Novo.

Antonio Reigosa salientou que a novedad deste ano será que os organizadores pedirán aos participantes nas xornadas que acheguen «un amuleto ou unha reliquia da casa» e que expliquen a orixe e o motivo de tela e máis o uso que lle dan.

ACTAS. Mario Outeiro remarcou que a xornada do día 25 de outubro non será «un acto efémero» porque, un par de meses máis tarde, publicaranse unhas actas recollendo as intervencións dos ponentes e está previsto facer tamén un resumo de imaxes. A

Os organizadores animan aos participantes que acheguen algún amuleto ou reliquia da súa casa para que expliquen a función

maiores, sinalou a importancia deste contidos para usalos como material educativo en primaria e secundaria.

A matrícula está aberta a un cento de persoas; que pode ser calquera interesado, con interese especial para os profesores. As inscricions poden formalizarse nas páxinas web das entidades organizadoras: a Asociación de Escritores en Lingua Galega e a Asociación Sociopedagóxica Galega. A participación sera gratuita para os socios de ambos os colectivos.

O responsable da Área de Cultura recordou que as anteriores xornadas trataron asuntos como o mar, os mouros, as lendas urbanas, a morte ou o Demo.